

Autor e público (a xeito de autopoética)**

Non fican lonxe, como semella, os anos da posguerra nos que o escritor galego que decidía empregar o xénero dramático para expresarse recorría a escribir “teatro para ler”. Resulta do máis paradóxico, máxime dende a nosa perspectiva, pero así aconteceu, unhas veces explícita, outras implícitamente, anque co idéntico resultado dun produto en exceso literario. Era a época na que os escasos grupos teatrais existentes representaban esporadicamente na nosa lingua obras costumistas e folklóricas e, cando a censura o foi permitindo, a peza en tres lances de Castelao, o *Hamlet* de Cunqueiro ou algunha obriña de Carballo Calero. Resultaban actos illados, ás veces, clandestinos, de afirmación patriótica, coas restriccións legais impostas daquela ós grupos de cámara.

Co xurdimento dos teatros independentes e, sobre todo, coa feliz posta en marcha da Mostra de Ribadavia, a actividade escénica foi afirmándose, collendo pulos, ampliándose. Incorpóranse novos grupos, os que representaban en castelá fóronse pasando á lingua propia, multiplicáronse as funcións e, consecuentemente, os espectadores. Co advento da democracia, nacen tamén as primeiras compañías profesionais, que percorren Galicia en furgonetas, levando as súas montaxes polos circuitos que en pouco tempo se foron abrindo, agrandando e consolidando. Pertencían estes ás asociacións culturais e caixas de aforros, fundamentalmente. O teatro galego pasou nun tris do amateurismo á profesionalidade, e os espectadores, maioritariamente, puideron ir collendo o costume da asistencia ás representacións, é dicir, conformándose en público.

(*) Euloxio R. Ruibal naceu en Ordes (Coruña) o 16 de marzo de 1945. Dende neno reside en Santiago de Compostela, onde na actualidade rexenta a galería de arte Citania.

Cofecido sobre todo como dramaturgo, é ademais narrador e guionista. Ocasionalmente, dirixiu para a escena e a televisión, e realizou algunhas curtametraxes de cinema.

A súa obra publicada pertence case por enteiro ó xénero dramático: *Zardigot* (1974), *A sonada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida* (1975), *O cabodano. Cousas da morte. A sombra do bon cabaleiro* (1977), Teatro infantil: *O aparello troca tempos, Os ledos chirlomirlos de don Farraco Farraqueiro, A marquesiña encantada* (1988), *Brinquemos ó teatro* (25 peccións para nenos e xoves) (1990), *Azos de esguello* (1990), *Teatro mínimo* (1991), *Unha macana de dote* (1991).

Posúe os premios “Abrente”, 1973 e 1975, e “Alvaro Cunqueiro”, 1989.

(**) Ponencia presentada no Congreso Internacional da Cultura Galega. Santiago de Compostela, outubro de 1990.

Pero na última década, coa materialización da autonomía, e como consecuencia da chegada de algunhas subvencións, o aumento de compañías profesionais, a creación do Centro Dramático, a aparición dos animadores culturais, etc., en contra do que cabería agardar, o número de espectadores estancouse, ou non medrou como debera, cando non diminuíu. O feito resulta moi preocupante, e as súas causas non hai que buscalas só nas novas políticas culturais e teatrais levadas a cabo polas diversas administracións, senón que son moito máis amplas, que abranguen a toda a sociedade en xeral, pero de xeito especial a tódolos que participamos na creación desa arte capaz de transmitirnos coma ningunha outra a emoción, o misterio, a maxia da palabra viva, do xesto palpábel.

Esa responsabilidade reside en primeiro lugar no autor. A súa aportación, o texto, se non é manipulado ou traicionado, como por veces ocorre, é o punto de arranque dun espectáculo, unha historia no papel para ser posta en pé no escenario, na que vai configurado un mundo, cunha linguaxe determinada, un tono suxerido, uns personaxes, un tema, un argumento. Se o dramaturgo non escribe para ler, se non fai só literatura, se escribe para a escena, para un público determinado e concreto, cando dá forma dramática á historia, cando trata de expresarse, opino que debería pensar no seu destinatario, no seu receptor. Non é o mesmo, claro está, escribir para adultos que para nenos. Non se dirixe un igual a un iletrado que a un intelectual, nin da mesma maneira a un indixente que a un millonario. Como tampouco é igual escribir para suecos que para peruanos, para israelís que para palestinos, para andaluces que para galegos. Son diferentes os intereses, os coñecementos, as situacións histórico-socio-psicolóxicas, os códigos de signos artísticos e culturais.

Cando alguén trata de comunicar algo a outro, exprésase do mellor xeito posíbel, da forma máis afectiva e máis clara, dirixíndose en maior ou menor medida, segundo lle conveña, á razón ou ó sentimento; usando máis a palabra que o xesto, ou máis o xesto que a palabra; botando man da elipse ou do retoricismo, recorrendo á cerimonia, ó berro, á danza; ó exceso ou á austeridade. Busca, pois, a forma máis idónea de contar algo, compaxinando as súas dotes expresivas coa capacidade receptiva do destinatario, aplicando unha fórmula coñecida ou inventando unha propia.

Nas artes hai sempre un destinatario implícito, pero, se cabe, máis aínda na escénica. Porque non é posíbel teatro sen público. Pode haber literatura sen lectores, artes plásticas ou cine sen espectadores, mais non teatro sen público. Unha representación sen espectadores é un ensaio. O teatro esixe unha intercomunicación actor-público. Se non se dá, a representación varía, porque varía a interpretación ó faltarlle resposta.

Intérpretes e público teñen que sentirse mutuamente, que vibrar ó unísono. Para que iso ocorra, a comprensión, a recepción, ten que resultar nidia, xusta, precisa, instantánea. Cousa que se logra na posta en escena en grande medida, se a peza reúne xa as condicións necesarias; se non é así, moi dificilmente se conseguirá. Non hai, non nos enganemos, unha maneira universal de recibir un espectáculo. (Todo o devandito é do máis obvio, pero convén recordalo de cando en vez).

O autor, por conseguinte, debería ter en conta os códigos de recepción psicolóxicos (mecanismos de identificación, disposición espacial, experiencias acumuladas),

os códigos ideolóxicos e os códigos estéticos. (Non esquezamos que a estética é, etimoloxicamente, o estudio do impacto da obra de arte no receptor).

Facer o contrario, é dicir, ignorar ó público, non telo en conta antes, durante e despois do feito creativo, anque respectable, non deixa de ser insolidario. O teatro é un servizo á sociedade, resulta ben sabido. Os que o fan teñen unhas obrigas, unhas responsabilidades sociais. Deben avogar por unha sociedade máis xusta, máis humana.

O noso teatro, en contra do que poida parecer, a pesar de contar cun número baixo de espectadores e funcións, revitalizouse nos últimos anos e mellorou o seu nivel medio de calidade artística. Lográronse algúns espectáculos de magnífica factura. De xustiza é recoñecelo.

Xurdiron novos actores, directores, técnicos e autores. Formáronse compañías abondo (sinto non poder ofrecer datos; sería moi interesante). Resulta, xa que logo, que cando aumenta a oferta teatral e mellora a calidade, é xusto cando hai menor asistencia do público. Algo, sen dúbida, está a fallar.

Obsérvase que grande parte das montaxes das compañías profesionais e dos grupos afeccionados vai dirixida agora á incipiente burguesía, que é a clase, precisamente, que máis ignora, desprestixia, combate ou desdeña a nosa cultura, o noso idioma, e polo tanto, o noso teatro. Por veces esquecemos que a sociedade galega tamén está formada por unha ampla clase media, instalada nas cidades e vilas, e máis por outra popular, baixa, que xa non é só labrega e mariñeira, senón tamén suburbana (sectores industriais e de servizos, principalmente). O teatro, sobre todo cando dispón de axudas dos fondos públicos, ha de ir dirixido ó conxunto da sociedade, non só á minoría máis favorecida. Como Paolo Grassi, cofundador do Piccolo Teatro de Milán, creo “nunha arte sen mitoloxías nin oscurantismo, feita pola nosa sociedade e para a nosa sociedade”.

Pero a nosa sociedade está en profunda transformación. Atópase en pleno proceso de transculturización, case diría que de brutal transculturización. E iso, loxicamente, neurotiza, desorienta, aliena. Desorientación e confusión que salfire tamén os escenarios. Por se fose pouco, a nosa cultura propia non está normalizada. A xente de teatro, o autor, no caso que nos ocupa, non debería eludir analizar esa sociedade, dirixirse a ela, incidir nela directamente, reflexándolle a súa propia realidade no espello plano, cóncavo ou convexo; mostrándolle os seus problemas, o seu modo de vivir, a súa conducta, a súa condición socio-psicolóxica. Non debería eludir tratar os temas que a afecten coas linguaxes escénicas máis axeitadas ó caso. Do contrario, estase a contribuír a que permaneza por máis tempo nesa alienación. E ese teatro pódese denominar popular, ou como se queira, tanto me ten que o termo estea desprestixiado. O importante é que se considere que a inmensa maioría dos habitantes deste país xamais asistiu a unha representación, e que grande parte do resto nín tan sequera oíu falar do teatro, que non sabe nin que existe (sospeito que, entre uns e outros, andan polo 97% da poboación).

Trátase, non se malinterprete, de que a ese novo público que tanto precisamos se lle ofrezan produtos artísticos de calidade, non os subproductos que el demanda, ou que nós cremos que demanda. Debe levárselle un teatro que poida comprender,

sen sofisticacións enfermizas nin esteticismos baleiros ou frivolidades esterilizantes. Pero tampouco sen paternalismos nin badocadas. Cómpre evitar caer tanto no autismo como no mero divertimento, riscos que se ven vir e que habería que canear a toda costa. Non minusvaloremos ó público formado pola xente do común; é moito mais agudo e receptivo do que cremos a miúdo. Cunqueiro gustaba de dicir que el escribía, ou que tentaba escribir, de forma clara, sinxela e seguida; que o seu xeito de relatar se baseaba na oralidade tradicional. No teatro, non temos gran tradición, certamente, pero dispomos de abundantes formas parateatrais e un ricaz herdo de cultura popular. Coido que este ponto de partida é suficiente para que un escritor poida expresar dramaticamente o seu mundo. Todo isto non quita que de cando en vez se faga algunha que outra montaxe experimental na procura de novas formas. É máis; debe facerse.

De levarmos o exposto a cabo, quizais non tardemos en contar con ese novo público, que desexamos vivo, esixente, crítico, numeroso. Oxalá. Entón, en vez de acomodadores, tal vez haxa que empregar nos nosos teatros a “apretadores”, aqueles que, coma a mesma palabra di, se encargaban nos currais de comedias de apretuxar ós asistentes ata facer sitio para todos os que acudían, por moitos que fosen. Anque, no caso de seguir nas mesmas de agora, sempre nos queda a solución de subvencionar tamén ós espectadores; suxiro que a razón de douscentos pesos por barba e función, IVE incluído, e engadíndolle cada ano a porcentaxe do custo da vida. Cousa que non sería, por outra parte, nada novo nin orixinal, que segundo dá a entender Ricard Salvat nun libro seu, algo diso houbo xa en épocas pretéritas.

O parecer, todo, ou case todo, está xa inventado. A nós, polo de agora, abondaríanos con ir levando algo do devandito á práctica.

Vive a túa vida***

(Escena baleira. Entra un home e diríxese ó público)

HOME.- Eu chámome Xan e son profesor de violín no Conservatorio do municipio. Vivo no segundo andar, apartamento C, do número trinta e catro da rúa Galileo Ui. Son un cidadán que paga os seus impostos, que vota cando hai eleccións e que cruza as rúas co semáforo en verde e pola dereita. Nunca roubei nin tampouco fixen mal a ninguén. Non acostumo a orinar nos currunchos nin cuspir no ascensor. Procuo ser amábel cos adultos e gracioso cos cativos. *(Pausa)* Un día decateime que levaba moito tempo vivindo só; iso xa se sabe que é prexudicial para o home.

(***) *Ensaio de liberdade* ou algo sobre o suposto dereito que ten un home a facer o que lle pete. Peza pretenciosamente épica para axudar a repasar o *Pequeno Organon*, de B.B., escrita un día solto para ser lida na Galería Sargadelos, de Compostela, o 6-VI-89, en presenza de Ricard Salvat e outros amigos, e adicada a Isaac Díaz Pardo.

Empurrado por esa razón, collín e fun a unha tenda que hai no centro, entrei e díxenlle á vendedora:

DEPENDENTA.- (*Xurdindo da penumbra e pódose debaixo dun letreiro que di: "Fauna nova"*). Aquela mañá alegre e soleada, eu estaba dándolle de beber ós canarios cando apareceu o home e se dirixiu a min cun sorriso:

XAN.- Señorita, por favor ...

DEPENDENTA.- Dígame, señor.

XAN.- Quero mercar un pavo.

DEPENDENTA.- ¿Un pavo?

XAN.- Si, un pavo.

DEPENDENTA.- Perdoe, pero ... ¿O señor non terá por un casual algún defecto de pronuncia?

XAN.- Claro que non.

DEPENDENTA.- Dígollo porque hai quen desexa unha cousa e en realidade pide outra, sen tan sequera decatarse. Ocorre a miúdo. Onte mesmo, unha señora viña por unha ra e pediume unha batracia, ¡fíxese!.

XAN.- Eu sei o que quero e mais o que pido: un pavo.

DEPENDENTA.- Avo, avo ... A ver se o adiviño. ¿Un nabo, quizais?

XAN.- Non, non e non.

DEPENDENTA.- ¿Ou tal vez un cravo ...?

XAN.- Pavo, pavo.

DEPENDENTA.- Faga o favor de decir ca-bo.

XAN.- ¿Por que hei de dicilo?

DEPENDENTA.- Ah, entón, négase. Logo tiña eu razón.

XAN.- ¡Que vai ter razón!

DEPENDENTA.- E moi fácil; fíxese en min. Só hai que poñer así a lingua ... ¿Ve? Raaaaaa ...

XAN.- Raaaaaaa ...

DEPENDENTA.- Boooooo.

XAN.- Booooo.

DEPENDENTA.- (*O público*) Era certo; non había a máis mínima dúbida: aquel home viña realmente a mercar un pavo. (*A Xan*) ¿E para un neno, se non resulta moito preguntar, señor?

XAN.- Non, señorita, non é para un neno.

DEPENDENTA.- Porque saberá que non se levan aló moi ben. Onde hai un pavo non pode haber un neno e onde hai nenos sobran os pavos. ¿Pódolle suxerir que lle leve un cadelo, unha tartaruga ou un grilo?

XAN.- Non, non pode.

DEPENDENTA.- Pois élle unha pena, que os temos fresquiños ... ¿Ou sexa que persiste na idea ...? Ben; dígame logo como o quere.

XAN.- Pois, normal ...

DEPENDENTA.- ¿De que raza? ¿Zamorano, catalán, xaponés ...?

XAN.- ¿Como ...?

DEPENDENTA.- ¿Grande ou pequecho?

XAN.- Mediano, mediano ...

DEPENDENTA.- ¿Acastañado ou grisáceo? ¿Con ou sen pintas? ¿Mudo ou falangueiro? ¿De peteiro recto ou curvo?

XAN.- ¡Un pavo normal e corrente!

DEPENDENTA.- ¿Para cebar?

XAN.- Ca. Nada diso. Desexo un pavo de compañía.

DEPENDENTA.- Xa entendo. Vostede, señor, semella vir aquí por un vulgar pavo.

XAN.- Exactamente.

DEPENDENTA.- ¡Habelo dito antes ...! Están esgotados. Síntoo.

(*Desaparece*)

XAN.- (*O público*) Con parello resultado, percorrín outros moitos establecementos; malia todo eu non desistín. A sorte tardou en acompañarme, pero acabou por aparecer. Nun galiñeiro das aforas, un serán chuviñento e frío, atopei o que buscaba. Fíxenme co pavo por uns poucos cartos e leveino a vivir comigo.

(Vaise. Un cartel coa inscrición "A baiuca leda". Dous parroquianos debruzados nun pequeno amosador, diante dunhas cuncas de viño, e fronte ó taberneiro)

TABERNEIRO.- Eu dígovos que non é boa cousa, non. Empézase por iso e vaia un saber por onde se acaba. Un animal que non consome é un mal exemplo para tódolos demais. Aquí o que fai falla é moito gasto, e consumo, moito consumo. ¡Gasto e consumo, consumo e gasto! Sen iso, voltaremos ós míseros tempos de antes. *(Diríxese agora ó público)* Dese xeito lles falaba eu, na miña taberna, tanto ó carniceiro e ó xastre, que eran os que alí chiquiteaban aquela noite, como a tódolos demais siareiros. *(Repíte, ós parroquianos:)* ¡Gasto e consumo, consumo e gasto! Só así se prospera.

XASTRE.- De acordo; iso é o que fai falla; de acordo.

TABERNEIRO.- *(O público)* Ese é o xastre.

CARNICEIRO.- Pura economía, si, señor.

TABERNEIRO.- *(O público)* Así opinou o caniceiro.

XASTRE.- Hai que darlle movemento ós cartos. O aforro é un atraso.

TABERNEIRO.-É a única maneira de que isto siga tendo vida.

XASTRE.- E logo penso eu ... Cos cans ou cos gatos, non houbo, polo de agora, problema; pero que nos asegura que os pavos non poden chegar a convencer ós homes de que o mellor traxe é o de plumas, ¿eh?

TABERNEIRO.-Moi atinado. Por aí quería ir eu ...

CARNICEIRO.- Pode ser, pode ser... O certo é que non hai carne coma a de animal de pelo.

XASTRE.- A roupa de máis abrigo é a de "pelexo".

TABERNEIRO.- Pero nas noites de xeadada nada quente coma bo viño. ¡A vosa saúde!

XASTRE.- Bo proveito.

CARNICEIRO.- Que vos preste.

(Baleiran as cuncas)

CARNICEIRO.- Os pavos beben auga.

XASTRE.- Comen miñocas e cereais.

TABERNEIRO.- Andan nus.

O XASTRE.- ¿E que se pode agardar dos que andan nus, beben auga e comen fariña?

TABERNEIRO.- Ningunha cousa boa. E aínda non están ben estudiados. Vai ti saber as enfermidades deses bicharocos.

CARNICEIRO.- Iso, iso.

TABERNEIRO.- Poden padecer calquera cousa rara, incluso ...

XASTRE.- Eu teño oído falar da rabia pavera.

TABERNEIRO.- ¿Ves? ¿Que vos dicía?

XASTRE.- ¿E se lla contaxian ós homes?

TABERNEIRO.- Non quero nin pensalo.

XASTRE.- É un verdadeiro perigo.

CARNICEIRO.- (*Cuspindo*) ¡Que nos colla confesados!

XASTRE.- (*Fai a figa*) E vacinados.

TABERNEIRO.- A mellor vacina é o tringue de caña.

CARNICEIRO.- Abofé como si.

XASTRE.- Habería que tomar medidas.

CARNICEIRO.- Cortar polo san.

TABERNEIRO.- (*Erguendo o xerro*) Afogar os pavos...

XASTRE.- (*Cunha palmada no amosador*) ¡Outra ronda! Vai miña.

(*Baixa a luz. Na outra banda do escenario, descubrimos a dúas mulleres parolando nun relanzo das escaleiras*)

VECIÑA 1ª.- Ti xa me entendes... Vamos, que disque fan vida xuntos.

VECIÑA 2ª.- ¿Que me dis, muller? Non é posíbel... Coidei que non pasarían de pelar a pava.

VECIÑA 1ª.- Que me leve o demo se che minto. ¡Eu mesma os guichei! O vicio non acouga nin ten fronteiras.

VECIÑA 2ª.- ¡Con esa cara de santiño...! ¡Tan sequera estivesen casados! ¡Hai que ver o que enganan os homes!

VECIÑA 2ª.- Pois a min o depavado, dispensando, paréceme o outro, ou sexa, o pavo.

VECIÑA 1ª.- Ah, ¿pero entón é pavo? ¿Non é pava?

VECIÑA 2ª.- Claro, muller. ¿Non te fixaches...?

VECIÑA 1ª.- Eu non reparo nesas cousas... E, ademais, ¡Como tingue as plumas e pinta o peteiro...!

VECIÑA 2ª.- Non quere dicir nada...

VECIÑA 1ª.- ¡Entón a cousa pasa de moco de pavo escuro! De ningunha maneira se pode consentir. ¿Como quedamos os demais veciños? ¡Pensarán que nos refocilamos todos na pavada!

VECIÑA 2ª.- ¿E que se lle pode facer?

VECIÑA 1ª.- O que sexa. ¡Pronto! ¡Non podemos ser todos acó pedra de escándalo!

VECIÑA 2ª.- Sería do máis vergoñoso.

VECIÑA 1ª.- Estes malos exemplos cómpre atallalos de raíz.

VECIÑA 2ª.- Desde logo, muller. Axiña lles saen imitadores.

VECIÑA 1ª.- ¡Arrenégote, pavo!

VECIÑA 2ª.- ¡Meigas fóra!

VECIÑA 1ª.- Teño a tixola ó lume. Xa falaremos de vagar.

VECIÑA 2ª.- Chamareite. Por teléfono, estas cousas coméntanse mellor.

(Unha sobe e a outra baixa)

VECIÑA 2ª.- *(Ó público)* Desa que agora sobe as escaleiras pavoneándose, a veciña do 4ºB, tamén habería que falar o seu, tamén... Non sei como non cala a boca, que mellor lle sería.

VECIÑA 1ª.- *(Tamén ó público)* Chegoume un remusmús desa do 5ºA de moito pavo. Xa lles contarei, xa...

(Pérdense nas sombras. Xan achégase e dille ó público:)

XAN.- Non fora aquela miña decisión de arrotada nin moito menos, senón, pola contra, longamente meditada, sopesando como é debido os prós e contras. E así resultou, como é lóxico, do máis acertada. Eu convivira con familiares, amigos, algunha que outra amante ocasional, pero xamais tan satisfactoriamente como

agora co pavo. Nunca eu fora tan feliz. ¿Saben o marabilloso que é que non lle pidan a un, ó coller confianza, que lle rañe as costas ou que lle corte as unllas dos pés? ¿Decátanse do pracenteiro acougo e bopasar dunha compañía que non esbardalla, nin impón os seus gustos, nin deixa o baño inzado de pelos despois de ducharse, senón de finas e fermosas plumas? Eu atopara o ideal... Unha compañía que só acompaña. Por iso, non é de estrañar que o corazón me dese un brinco cando daquela petaron á porta. Nada máis eu abrir, espetoume o policía:

POLICIA.- ¿É esta a casa de Xan o músico?

XAN.- É, si, señor...

POLICIA.- Traio orde de arresto dese pavo que vive... aquí.

XAN.- ¡Como...! ¡Non é posíbel...! ¿Por que razón...?

POLICIA.- Eu só cumpro ordes. Dígalle que se persoe canto antes. Ten que acompañarme.(*Vaise*)

XAN.- (*O público:*) Son home respetuoso coas leis e temeroso dos seus executores ... Levou o meu pavo sen eu ofrecer ningunha resistencia. Hai diso unhas vinte e catro horas e non se poden dar unha idea do que eu tal sufrín xa. ¿Por que tiñan que quitarmo? ¿A quen amolaba a miña felicidade? Díganme, señores, agora que coñecen o meu caso, díganme: ¿é isto xusto? ¿É esta a xustiza dos homes?

(*Medra a luz. Fica interrogando ó público, coa ollada fixa, paralizado*)

(*Escurece*)